# COMO TRABALLAR CO ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

CRISTINA AFONSO VILAS
EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO-CORUÑA.
Ferrol, 1-2 decembro 2021.

# ASPECTOS QUE VAMOS A TRATAR

- Características dos alumnos de altas capacidades intelectuais.
- Como pode detectalos o profesorado.
- Un sistema de identificación e de avaliación.
- Respostas educativas principais.
- Os programas de enriquecemento curricular

- Exemplos prácticos

# IDEAS EQUIVOCADAS

- Falsas crenzas en relación a súa **personalidade, adaptación e relacións sociais:**
  - Adoitan ser persoas socialmente inadaptadas e con problemas emocionais. Son fráxiles, orgullosos, solitarios.
  - Son extrovertidos, curiosos, inquedos, activos, participativos, ten madeira de líder...

- Falsas crenzas en relación ó **rendemento escolar:**
  - Este alumnado triunfa academicamente e traballador e acada altos resultados en todas as materias. Si son tan intelixentes o seu rendemento académico será elevado. Ou sairán adiante por si mesmos polo que non necesitan axuda.
  - En xeral son alumnos que se aburren na escola e soen fracasar.

    (A realidade e que o 80% amosa baixo rendemento e un 30% fracaso escolar. O CI explica só o 40% do éxito escolar. O 60% restante depende doutros factores como a motivación, a resposta educativa, o ambiente familiar, as actitudes, etc).

- Falsas crenzas en relación á **incidencia:**
  - Proceden de ambientes con niveis socioeconómicos e culturais elevados.
  - Hai mais nenos de altas capacidades que nenas.

# CARACTERÍSTICAS DESTE ALUMNADO

- **CAPACIDADE INTELECTUAL XERAL**
  - **Aprendizaxes temperás** e **sen axuda**.
  - **Facilidade e rapidez** para as **novas aprendizaxes**.
  - **Rexeitamento** das **actividades repetitivas** que xa domina.
  - **Conceptos** verbais **elaborados**.
  - **Conexión entre conceptos** diferentes.
  - **Capacidade** para **utilizar novos coñecementos** na **resolución de problemas.**
  - **Comprensión de ideas complexas** e abstractas.
  - **Habilidade para argumentar**, preguntar e razoar.
  - **Curiosidade intelectual**.
  - **Gusto** pola **lectura**.

## ❑ FACTORES INTELECTUAIS ESPECÍFICOS:

- **Logros importantes** en determinadas áreas.
- **Vocabulario extenso** e **capacidade** para **utilizalo con propiedade.**
- **Memoria**; **retención fácil** e **evocación rápida e precisa**.
- **Profundización** no coñecemento de **temas do seu interese**.
- **Manifestacións** do **talento matemático:**
  - Gusto polos números.
  - Rapidez na comprensión e solución de problemas.
  - Solucións simples, directas abreviadas, elegantes.
  - Escasa fatiga sempre que a tarefa non sexa repetitiva ou rutineira e forme parte do seu interese.
  - Precisión e axilidade no razoamento matemático.
  - Uso de criterios sofisticados para clasificar, seriar agrupar.

# ❑ CREATIVIDADE OU PENSAMENTO DIVERXENTE

- **Independencia de pensamento** con tendencia á non conformidade.
- Manifestación de **opinións contrarias ás habituais**.
- Capacidade de **iniciativa**.
- Produción de **traballos únicos vitais ou sorprendentes**.
- **Facilidade** para **aplicar coñecementos dunha  a outra materia** ou situación.
- **Orixinalidade** nas respostas e producións.
- **Imaxinación e fantasía** na utilización dos recursos.
- **Solucións alternativas, variadas e creativas** a problemas.
- Capacidade de **aprendizaxe auto dirixido**.
- **Composición e adaptación** de xogos, música…
- Formulan **moitas preguntas**, **grandes observadores**, prestan **atención aos detalles**.

## ❑ DESENVOLVEMENTO SOCIAL E EMOCIONAL.

- **Facilidade** para **captar os estados emocionais** alleos.
- **Preocupación** por **amosar** un **comportamento ético e moral axeitado**.
- **Independencia de crenzas e opinións.**
- Manifesta **gran sensibilidade** cara o mundo que o rodea e **interese polos temas morais e relacionados coa xustiza**.
- **Elevada** ou **moi baixa autoestima**.
- **Humor elaborado**, soen usar o **sarcasmo e a ironía**.
- **Sentido agudo da crítica** respecto de si mesmo e cos outros.
- **Desconformidade** ante a **mediocridade**, **ambigüidade** e a **esixencia de calidade.**
- **Perfeccionismo**, necesidade de realizar ben as tarefas, de conseguir logros, de mellorar ou perseverar.
- **Baixa tolerancia á frustración**, **sobreexcitabilidade** (Dabrowsky,1964), **sensibilidade extrema, alto nivel de liderado**.
- .

Non obstante, non hai dous nenos de altas capacidades intelectuais que sexan iguais

SOLO UNO DE ESTOS TRES NIÑOS TIENE ALTAS CAPACIDADES INTELECTUALES



¿PUEDES VER CUÁL ES? NI TU NI NADIE

Las Altas Capacidades Intelectuales no se ven,
hace falta un especialista que evalúe y emita un informe.

# DIFERENTES MANIFESTACIÓNS DAS ACI

| | | |
|---|---|---|
| **PRECOCIDADE** | 10% - 15% | Fenómeno evolutivo Diferenzas no ritmo de desenvolvemento |
| **TALENTO** | 10% - 15% | Alumnado que amosa unha **alta capacidade** para **unha ou varias áreas concretas do coñecemento** o/ou **habilidades excepcionais**, pero non en todas. |
| **SUPERDOTACIÓN** | 10% - 15% | Nivel elevado (por riba do percentil 75) de recursos en **capacidades cognitivas e aptitudes intelectuais** como razoamento lóxico, xestión perceptual, xestión de memoria, razoamento verbal, razoamento matemático e aptitude espacial.<br>Ademais, se require que este perfil aptitudinal anterior, vaia acompañado de una **alta creatividade** igualmente por riba do percentil 75. |

# PERCENTÍS PARA A VALORACIÓN DAS ALTAS CAPACIDADES *(CASTELLÓ E BATLLE 1998)*

| | C Creatividade | RL Razoamento lóxico | XP Xestión perceptual | XM Xestión de Memoria | RV Razoamento Verbal | RM Razoamento matemático | AE Aptitude espacial |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Superdotado** | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 |
| **Talento matemático** | | | | | | 95 | |
| **Talento verbal** | | | | | 95 | | |
| **Talento lóxico** | | 95 | | | | | |
| **Talento creativo** | 95 | | | | | | |
| **TALENTOS COMPLEXOS** | | | | | | | |
| **Talento académico** | | 80 | | 80 | 80 | | |
| **Talento artístico** | | | 80 | | | | 80 |

*Si os nosos alumnos de altas capacidades foron atendidos en cursos anteriores, en eles conflúen tres características en distinto grado.*

# CREATIVIDAD

# +

# DEDICACIÓN

# +

# HABILIDAD

Pero aqueles alumnos que chegaron a secundaria sen realizar ningún esforzo, amosan falta de hábitos de estudo, dedicación e o traballo, que necesitarán para superar os cursos superiores. Acaban pensando que a aprendizaxe non require esforzo *(Rimm,2009)*

**Ó alumno acúsaselle de parecer "vago", os pais de non prestar atención á educación dos seus fillos e ao profesor e o currículo de seren "aburrido"**

**Emerick (1992) dicía que un elemento clave, é ter a boa fortuna, de atopar un mestre que realmente cree no seu alumnado, se comunica con eles como iguais, lles involucra na súa aprendizaxe e lles axuda a ver a importancia da súa educación na busca dos seus obxectivos.**

**"A conducta social ou antisocial que desenvolve un alumno con ala capacidade intelectual, depende fundamentalmente, do grao de comprensión do adulto". *Leta Hollingworth.***

**Hai un 30% de fracaso escolar no alumnado con altas capacidades intelectuais e mais do 50% non acada un rendemento acorde a súa capacidade.**

# POR QUE É TAN IMPORTANTE SABER DETECTALOS, ENTENDELOS E ATENDELOS ?

## CONSECUENCIAS MEDIATAS, NON INMEDIATAS

(Yolanda Benito,2015)

- Expectativas académicas baixas.
- Reducida motivación para a aprendizaxe.
- Logros e produtividade máis baixos.
- Potencial académico incumprido.
- Frustración educativa e aburrimento.
- Hábitos de estudo pobres e insuficientes.
- Apatía cara a instrución formal e abandono prematuro.
- Fobia, aversión escolar.
- Problemas emocionais e de comportamento.
- Dificultades nas relacións sociais cos seus compañeiros, que non comparten os seus intereses e preocupacións.


Baixo rendemento e fracaso escolar
Efecto Pigmalión negativo
Situacións de illamento e acoso
Problemas de índole afectivo-emocional
Problemas permanentes de personalidade
Efectos Neurolóxicos
Dano neuronal
B-Clark
Patoloxía psicosomática
Sobreexcitabilidade
Dabrowsky



*O mais importante non é realmente saber o nivel de intelixencia de un menor, si é alta, ou moi superior, sino saber cales son as súas* ***necesidades educativas****".*

*Cando un neno se sae da media, necesita unha educación especializada para poder desenvolver as súas potencialidades".*

***O desenvolvemento do talento depende na natureza da persoa (herdanza) e do ambiente (enriquecemento).***

# ASPECTOS A OBSERVAR NA AULA PARA DETECTAR AO ALUMNAOD CON ACI

- Utilización dunha linguaxe a un nivel distinto dos nenos do seu grupo
- A cualidade das súas preguntas
- A forma de comunicar e transmitir súas propias ideas
- Un especial e peculiar sentido do humor
- A habilidade para deseñar estratexias de resolución de problemas
- Utilización dunha forma innovadora os materiais comúns
- A amplitude e profundidade dos seus coñecementos
- A tendencia a coleccionar ou a ter moitas aficións
- A persistencia e constancia para rematar os  seus traballos
- A predisposición a tarefas intelectuais
- A tendencia a ser moi crítico e exacto consigo mesmo
- A preferencia en buscar actividades moi complicadas, novidosas e pouco correntes.

# IDENTIFICACIÓN E INTERVENCIÓN DENDE OS CENTROS EDUCATIVOS

**DETECCIÓN**

Familias, profesorado, orientadores, servizos externos de psicoloxía ou neuropediatría.

**AVALIACIÓN IDENTIFICACIÓN**

Avaliación cuantitativa e cualitativa para identificar, fortalezas e debilidades, detectar necesidades e orientar a intervención.

**INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA**

Coa finalidade de dar unha resposta específica ás necesidades que presente o alumnado, relacionadas có ámbito curricular, socioemocional e intelectual.

# MODELO DE INFORME PARA ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

- **Datos persoais.**
- **Motivo do informe.**
- **Datos da avaliación psicopedagóxica***
  - **Ámbito cognitivo e aptitudinal. (CI.)**
  - **Creatividade.**
  - **Nivel de Competencia curricular.**
  - **Estilo e estratexias de aprendizaxe.**
  - **Competencia socioemocional e condutual:**
    - **Autoconcepto.**
    - **Motivación e intereses.**
    - **Desenvolvemento afectivo.**
    - **Interacción e adaptación social.**
- **Avaliación do contexto escolar.**
  - **Historia escolar.**
  - **Valoración do contexto escolar actual.**
  - **Organización da aula.**
  - **Relación do alumno cos seus compañeiros e profesores.**

- Avaliación do contexto sociofamiliar.
    - Datos familiares.
    - Desenvolvemento evolutivo.
    - Actitude cara a escola.
    - Intereses do alumno
    - Percepción e Expectativas.
    - Aspectos sociomocionais no contexto familiar.
    - Intervención de outros profesionais.

- Determinación das necesidades específicas de apoio educativo.
    - Nivel de competencias con respecto ás áreas curriculares.
    - Como aprende?
    - Como se relaciona.
    - Que actitudes ten ante a aprendizaxe.
    - Capacidades e habilidades especiais.

- Orientacións e propostas de intervención:
    - En relación ao currículo escolar.
    - En relación ao estilo cognitivo e da aprendizaxe.
    - En relación ao desenvolvemento afectivo emocional e as relacións interpersoais.

- Orientacións para o profesorado.
- Orientacións para as familias.

# ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

## MEDIDAS ORDINARIAS

❑ ***Programas de enriquecemento curricular:***

- Enriquecemento de unidades didácticas.
- Enriquecemento mediante obradoiros e recunchos.
- Enriquecemento por proxectos.
- Enriquecemento extracurricular.
- Programas de estimulación de habilidades cognitivas e creativas.
- Programas de desenvolvemento socio-emocional.

❑ ***Outras medidas:***

- Aula de apoio para traballar un programa individualizado.
- Titorización dun compañeiro.
- Asistencia a competicións nas distintas materias que formen parte dos seus intereses.

# MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

*Levaranse a cabo unicamente cando as medidas ordinarias se consideran insuficientes para dar respostas as necesidade educativas do alumnado*

- ❑ **Adaptacións curriculares de ampliación: Medida individualizada para o Alumnado con altas capacidades e que ten un rendemento excepcional nalgunha área. Deben realizarse cando se adopten medidas de flexibilización ou cando se opte porque un alumno curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias materias.**
- ❑ **Flexibilización do período de escolarización. (Aceleración):**

**Consiste na incorporación a un curso superior ó que lle corresponde por idade, co obxectivo de que se incorpore a un contexto curricular de dificultade suficiente para as súas capacidades respondendo a un criterio de rendemento académico máis que a súa idade cronolóxica, a través de;**

**-Redución dun ano na EI ou Anticipación dun ano en 1º de EP.**
**-Redución dun ano en EP .**
**-Redución dun ano na ESO.**
**-Redución dun ano en Bacharelato.**

- ❑ **(É recomendable sempre que se manifeste un claro dominio dos contidos do curso actual e/ou inmediatamente superior e se garante a madurez emocional e social.)**
- ❑ **Podería xenerar problemas emocionais ou de adaptación social si non se elixe ben ao alumnado obxecto da medida.**
- ❑ **Esta medida deberá ir acompañada da correspondente Adaptación Curricular Significativa, (ACS).**

# PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Inclúe calquera actividade que proporcione unha experiencia máis rica e variada mediante o acceso a contidos diferentes ós do currículo escolar **introducindo modificacións na profundidade, na extensión dos contidos e na metodoloxía**. En definitiva, elaborar un currículo **cualitativamente diferente**, que lle permita levar a cabo investigacións e experimentos. Participar en actividades de atención, razoamento, memoria, intelixencia espacial, lóxica matemática, **experiencias que supoñan un desafío** e un estímulo intelectual de **acordo aos seus intereses e fortalezas**

É unha metodoloxía totalmente compatible co programa académico ordinario pois non implica adiantar contidos de cursos superiores.

Un dos modelos educativos de enriquecemento curricular que acada mellores resultados é o **Modelo de Enriquecemento Escolar** para todo o alumnado, modelo SEM de Joseph Renzulli e Sally Reis.

# QUE É QUE NON É O ENRIQUECEMENTO CURRICULAR?

# O ENRIQUECEMENTO CURRICULAR É...

**...**centrarse no **currículo do nivel educativo** que cursa o alumnado.

...prantexar tarefas e actividades que supoñan poñer en funcionamento operacións mentais de **maior complexidade.**

**...**contemplar **a creatividade** como un dos elementos fundamentais para traballar na aula.

...ofrecer actividades e tarefas en **substitución** de outras deseñadas para o conxunto da clase.

...permitir respostas **abertas** e camiños alternativos.

...deseñar actividades dirixidas fundamentalmente a alumnado con altas capacidades pero entendidas **como un recurso máis** da aula.

...posibilitar a realización de **tarefas diferentes** nos mesmos tempos.

...favorecer a **permeabilidade e a interconexión** entre áreas de coñecemento**.**

# O ENRIQUECEMENTO CURRICULAR NON É...

...adiantar contidos de temas ou cursos posteriores.

...organizar un currículo paralelo sen conexión co propio do nivel que cursa o alumnado con altas capacidades intelectuais.

**...engadir** actividades á proposta xeral da aula, para aqueles alumnos que rematan moi pronto.

...prantexar **actividades diferenciadas só para facer na casa**, mantendo na aula a proposta xeral.

# ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS PREVIAS Á PROPOSTA DE RESPOSTA EDUCATIVA CON ESTE ALUMNADO

Non hai dous alumnos de AACC  iguais,  o que implica que a resposta educativa non poder ser a mesma para todos.

Non hai dous centros educativos iguais, tampouco o mesmo centro funciona igual en diferentes cursos , tampouco o mesmo alumno responde igual con profesores diferentes.

O proxecto que funciona nun CEIP, con un grupo de alumnado, non ten por que resultar positivo en outro colexio.

Á hora de pensar nunha resposta educativa é fundamental coñecer ó alumnado, os recursos persoais e materiais con que contamos. Debemos contextualizar a resposta educativa para ese caso e nesas circunstancias.

Non hai que pensar en grandes proxectos, o ideal e que sexan adaptados ó alumno, ó centro e contando cos recursos.

Coñecer o alumnado significa recoller a seguinte información:

- Que materias lle gustan mais.
- Cales se lle dan mellor.
- Cales son os seus centros de interese.
- Como lle gusta aprender.
- Como se sinte máis cómodo traballando.

Nos *cambios introducidos, que* deben ser *máis cualitativos* que cuantitativos, non se trata de dar máis cantidade de traballo si non de formular actividades ou tarefas con respecto ós mesmos criterios de avaliación que activen procesos cognitivos de complexidade crecente. É importante ter en conta.

- Comprobar o que xa saben. Coñecementos previos.
- Manifestarlles recoñecemento polos conceptos que xa dominan.
- O feito de descubrir os intereses e enfocar o traballo arredor deles non significa que se ignoren as debilidades que deben compensar, sino apoiarse no positivo.
- Permitirlles certa flexibilidade no modo de empregar o tempo que lles sobra.
- Confiar en eles e na súa forma non tradicional de aprender.
- Apaixonalos con opcións e máis opcións.
- Darlles as oportunidades posibles para que se fixen as súas propias metas e avalíen seu propio traballo.
- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Adecuación dos recursos e materiais didácticos.

## En que áreas curriculares

- Nas que destaque, tendo en conta os centros de interese, as motivacións, o estilo de aprendizaxe e o perfil de AACC
- Resulta importante determinar o teito competencial do alumnado en cuestión, onde se atopa en relación ós criterios de avaliación do curso no que está escolarizado.
- Este teito competencial, nivel de competencia curricular servirá de base para levar a cabo a compactación curricular nunha área ou en varias.

# TAXONOMÍA DE BLOOM

É recomendable á hora de planificar as tarefas ou actividades para este alumnado utilizar o proceso cognitivos de complexidade crecente que recolle a Taxonomía de Bloom (1956) ou a revisión de Lorin Anderson e David R, Krathowohl en 2001 que recollemos nos seguintes cadros:




Supón unha ordenación xerárquica dos procesos cognitivos de mais sinxelos a máis complexos

# TAXONOMÍA DE BLOOM

*Revisión de Lorin Anderson e David R, Krathowoh*



# Taxonomía de Bloom para la era digital.

Revisión- Andrew Churches




1 **SUBSECRETARÍA DE EDUCACIÓN MEDIA SUPERIOR**

RESEMS - Zacatecas

RIEMS y SNB

- Taxonomía de Bloom para la era digital de Andrew Churches -

Benjamín González Bárcenas

Revisión pedagógica: Lilia G. Torres Fernández

# TAXONOMÍA DE BLOOM

*Revisión de Lorin Anderson e David R, Krathowoh*




ESTRATEXIAS DE ENRIQUECEMENTO
A PARTIR DE UNIDADES DIDÁCTICAS
PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO COGNITIVO
PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO PSICOSOCIAL
MEDIANTE PROXECTOS
MEDIANTE RECUNCHOS E OBRADOIROS
AMPLIACIÓN POR ÁREAS

# ENRIQUECEMENTO A PARTIR DE UNIDADES DIDÁCTICAS

**CONDENSAR É** ASEGURARSE QUE UN ESTUDANTE COÑECE OS CONTIDOS QUE O RESTO DA CLASE VAI A TRATAR E POR TANTO SUBSTITUÍR O TEMPO QUE EMPREGARÍA NESES CONTIDOS POR UNHA ACTIVIDADE DE ENRIQUECEMENTO OU AMPLIACIÓN.

- Condensar o currículum. Reelaborar as unidades didácticas
- Substituír contidos e procedementos que o alumno xa domina por outras actividades de profundización e de ampliación
- Preparar un banco de actividades de diferente dificultade para todas as unidades didácticas das diferentes materias

# ENRIQUECEMENTO POR ÁREAS

**CONDENSAR É** ASEGURARSE QUE UN ESTUDANTE COÑECE OS CONTIDOS QUE O RESTO DA CLASE VAI A TRATAR E POR TANTO SUBSTITUÍR O TEMPO QUE EMPREGARÍA NESES CONTIDOS POR UNHA ACTIVIDADE DE ENRIQUECEMENTO OU AMPLIACIÓN.

Condensar o currículum. Ampliar o currículum por áreas

Substituír contidos e procedementos que o alumno xa domina por outras actividades de profundización e de ampliación

Preparar bloques de materiais por áreas que lle permitan profundizar nos seus contidos

# ENRIQUECEMENTO POR ÁREAS

PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO EN LENGUA CASTELLANA
PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO EN LINGUA GALEGA
PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO EN CIENCIAS
PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO EN MÚSICA.
PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO EN MATEMÁTICAS...

Pode realizarse de dúas formas:
O titor ou o profesor de area elaboran os materiais que constitúen os bloques de traballo enriquecido.
Mediante materiais xa editados.

# ENRIQUECIMIENTO MEDIANTE RECUNCHOS E OBRADOIROS

Diseñar espazos dentro da aula nos que se leven a cabo actividades de profundización

Poñer a disposición dos alumnos materiais e recursos para traballar o currículum de xeito independiente, creativo e motivador

Coordinado polo titor pero con funcionamento independente.Carácer lúdico creativo e formativo. Participación de 2 a 4 alumnos por recuncho

- Recuncho de lóxica e matemáticas: obradoiro de problemas, xogos lóxicos e de estratexia
- Recuncho de lingua: escritura creativa; creación de poemas, noticias, prensan, elaboración de cartas, buzón de suxerencias...
- Recuncho de ciencias e experimentos: obradoiro de inventos, laboratorio experimental, coleccionismo e clasificación de especies ou minerais, astronomía...
- Recuncho de arte: música e pintura..
- Recuncho de informática.
- Recuncho de idiomas.
- Recuncho de creatividade.
- Recuncho de xogos de lóxica e estratexia.
- Recuncho de historia

# ENRIQUECIMIENTO MEDIANTE PROXECTOS

Baseados nos intereses dos alumnos e nos contidos curriculares

Os alumnos aprenden autodirixíndose e aprenden tamén técnicas de busca de tratamento e da información que precisen

Require planificación do desenvolvemento do proceso

- Proxectos no que o fin sexa incorporar unha idea ou habilidade en forma de expresión (construír un xogo)
- Proxectos que teñan como obxectivo experimentar algo novo.
- Proxectos cuxa finalidade sexa superar unha dificultade intelectual (razoar por que chove mais en determinadas zonas xeográficas)...
- Proxectos cuxa finalidade sexa obter unha información ou nivel de coñecementos en unha determinada disciplina

# ENRIQUECIMIENTO MEDIANTE PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO COGNITIVO E EMOCIONAL

Potenciar as habilidades cognitivas, metacognitivas e de pensamento diverxente a través de programas específicos

Desenvolver o razoamento lóxico, verbal, matemático, a memoria, a percepción e a metacognición

Require reservar un tempo no horario para levar a cabo estes programas.

A modo de prevención para garantir unha atención global a este alumnado

- Programa de enriquecemento instrumental.
- Programa de filosofía para niños
- Aventura de aprender a pensar e a resolver problemas
- Aprendo a pensar desarrollando mi inteligencia
- Desarrollando la inteligencia emocional
- Habilidades sociales autoestima y resolución de problemas
- Programa detecta.
- Programas de resolución de conflictos interpersonales

# ESTRATEGIAS Y ACTITUDES.

CONÓCELO , HABLA CON EL ALUMNO Y SU FAMILIA.

NO LE SINGULARICES POR SER AACC

VALORA LO QUE HACE ,NECESITA VER RECOMPENSADO SU TRABAJO.

NO LE PONGAS SIEMPRE DE AYUDANTE.

COMPENSA A NIVEL ESCOLAR CON COMPACTACIÓN U OTRA MEDIDA.

TEN EN CUENTA EL CONTENIDO

EL PRODUCTO

Y SOBRE TODO EL PROCESO

HAZ DE GUIA MENTOR COACH O FACILITADOR NO DE TRANSMISOR

CENTRATE EN SU INTERÉS PERO, SI NO LE GUSTA UN TEMA TU PUEDES HACER QUE LE GUSTE.

POTENCIA SUS FORTALEZAS Y COMPENSA SUS DEBILIDADES.

# ORIENTACIÓNS ÁS FAMILIAS

- As altas capacidades *non deben coartar o papel educador e socializador* da familia. Deberanse establecer unhas normas, pautas e límites axeitados a súa idade e velar polo seu cumprimento.
- Fomentar a *formación integral*, potenciando o desenvolvemento de todas as súas facetas e non só a intelectual. Deberanse atender aos aspectos *afectivo, emocional e social* para evitar posibles dificultades no futuro. Para elo hai que:
  - Aceptarlle como é tendo en conta que non é unha persoa adulta.
  - Demostrarlle afecto como a outros membros da familia.
  - Reforzarlle e recoñecer os seus logros con palabras e xestos de eloxio.
  - Eliminar calquera tratamento especial, evitando etiquetar e que se poida sentir superior en algún aspecto.
  - Favorecer as relacións con outros nenos a través de participación en diversas actividades deportivas e culturais.
  - Fomentar a súa autonomía animándolle a resolver os seus propios problemas
  - Esixir a súa responsabilidade na realización de determinadas actividades axeitadas á súa idade.
- Fomentar os seus intereses e desenvolvemento das súas capacidades, sen chegar a unha presión ou sobrecarga excesiva.
- Axudar a que se forme unha boa imaxe de si mesmo.
- Fomentar o diálogo e crear un clima de confianza.
- Manter contacto e colaboración co centro educativo ofrecendo a información relevante e colaborando na adopción dos acordos establecidos.
- Ofrecer pautas para a organización, planificación e axeitados hábitos de estudo e esforzo cara as tarefas escolares.

# POR ÚLTIMO E A TER EN CONTA

EN OCASIÓNS A AACC NON SE PRENSENTA SOLA → DOBRE EXCEPCIONALIDADE

**SE IDENTIFICA O TRIPLE DE NENOS QUE DE NENAS**


HOY MÍ MAESTRA NOS ENSEÑÓ QUE DOS MÁS DOS ES CUATRO
LUEGO NOS HIZO PASAR A VARIOS CHICOS AL PIZARRÓN PARA QUE SUMÁRAMOS: "DOS MÁS DOS: CUATRO"
DESPUÉS TODOOOOOOS COPIAMOS EN NUESTROS CUADERNOS: "DOS MÁS DOS: CUATRO"
TE JURO QUE NUNCA ME SENTÍ TAN LEJOS DE VON BRAUN


*Podemos ignorar as diferenzas e supoñer que todos os nenos son iguais, ou podemos aproveitar esas diferenzas…"*
*H. Gadner*
*"O desenvolvemento do potencial é una combinación entre potencial(capacidade), medios dispoñibles e traballo. Sen traballo o potencial é una mera realidade virtual".*
*J. Tourón*
**"A superdotación é moito mais que a intelixencia: tamén se trata do corazón, emocións e una forma particular de interactuar có mundo ."**
**JEAN SIAUD-FACCHINI**
*La creatividad se aprende igual que se aprende a leer y es tan importante en educación como la alfabetización. Ken Robinson*
GRAZAS POLA ATENCIÓN PRESTADA